

Ano Jubilar Extraordinario da Misericordia



# A Indulxencia



Diocese  
Tui-Vigo



## QUE SON AS INDULXENCIAS?

---

A etimoloxía latina da palabra pode axudar a situarnos nunha pista correcta. O verbo "indulgeo" significa "ser indulxente" e tamén "conceder". A indulxencia é, xa que logo, algo que se nos concede, benicamente, no noso favor.

O Catecismo da Igrexa Católica dános, en palabras de Paulo VI, unha definición máis precisa:

*"A indulxencia é a remisión ante Deus da pena temporal polos pecados, xa perdoados, en canto á culpa, que un fiel disposto e cumprindo certas condicións consegue por mediación da Igrexa que, como administradora da redención, distribúe e aplica con autoridade o tesouro das satisfaccións de Cristo e dos santos" (Catecismo, 1471).*

A definición, exacta e densa, relaciona tres realidades: a remisión ou o perdón, o pecado, e a Igrexa. A indulxencia é unha forma de perdón que os fieis obteñen en relación cos seus pecados pola mediación da Igrexa.

## QUE SE PERDOA COA INDULXENCIA?

---

Non se perdoan os pecados, xa que o medio ordinario polo que o fiel recibe de Deus o perdón dos pecados é o sacramento da penitencia (cf. Catecismo, 1486). Pero, segundo a doutrina católica, o pecado implica dúas consecuencias: leva consigo unha "pena eterna" e unha "pena temporal". Que é a pena eterna? É a privación da comunión con Deus. Quen peca mortalmente perde a amizade con Deus, privándose, se non se arrepiñe e acode ao sacramento da penitencia, da unión con El para sempre.

Pero aínda que o perdón do pecado por medio do sacramento da Penitencia inclúe a remisión da pena eterna, permanece aínda a chamada "pena temporal". A pena temporal é o sufrimento que comporta a purificación da desorde introducida na persoa polo pecado. Esta pena debe ser purgada nesta vida ou na outra (no purgatorio), para que o fiel cristián quede libre do rastro que o pecado deixou na súa vida.

Podemos facer **unha comparación**. Imaxinemos unha intervención cirúrxica: un transplante de corazón, por exemplo. O novo corazón salvou a vida do paciente. O doente vese así liberado dunha morte segura. Pero, cando a operación rematou con éxito, e mesmo cando o enfermo xa está fóra de perigo, permanece a necesidade dunha recuperación completa. É preciso sandar as feridas que o mal funcionamento do corazón anterior e a propia intervención causaron no corpo. Do mesmo xeito, o pecador que foi perdoado das súas culpas, aínda que está salvado; é dicir, liberado da pena eterna merecida polos seus pecados, ten aínda que restablecerse por completo, curando as consecuencias do pecado; é dicir, purificando as penas temporais merecidas por el.

**A indulxencia é como un indulto**, un perdón gratuïto destas penas temporais. É como se, tras a cirurxía e o transplante do corazón novo, foran pechadas de súpeto todas as feridas e o doente se recupérase de xeito rápido e sinxelo, auxiliado polo agarimo de quen o coida, a atención dilixente que recibe e a eficacia curativa dos medicamentos.

A Igrexa non é a autora, pero si a mediadora do perdón dos pecados e do perdón das penas temporais que conlevan os pecados. A través do sacramento da Penitencia, a Igrexa serve de mediadora a Cristo o Señor que di ao penitente: "Eu absólvote dos teus pecados". Coa concesión de indulxencias, a Igrexa distribúe entre os fieis a menciña eficaz dos méritos de Cristo noso Señor, ofrecidos pola humanidade. E nese precioso tesouro dos méritos de Cristo están incluídos tamén, porque o Señor os posibilita e fai seus, as boas obras da Virxe Benaventurada e dos santos. Eles, os santos, son os enfermeiros que se desvelan coidando da persoa danada polo pecado, para que poida recuperarse axiña das marcas deixadas polas feridas.

## **TEN SENTIDO FALAR HOXE DAS INDULXENCIAS?**

---

Por suposto, xa que ten sentido proclamar as marabillas do amor de Deus manifestado en Cristo que acolle a cada persoa, a través do ministerio da Igrexa, para dicirlle coma ao paralítico: "Quédanche perdoados os teus pecados; colle a padiola e vaite á túa casa". Non só perdoa as nosas culpas, senón que tamén, a través da súa Igrexa, espallada sobre as nosas feridas o bálsamo curativo dos seus méritos infinitos e a caridade sen límites dos santos.

**Guillermo Juan Morado.**

Cóengo Penitenciario da Santa Igrexa Catedral de Tui

## **DA CARTA DO SANTO PADRE FRANCISCO COA QUE SE CONCEDE A INDULXENCIA CON OCASIÓN DO XUBILEU EXTRAORDINARIO DA MISERICORDIA**

---

Para vivir e obter a indulxencia os fieis están chamados a facer unha breve peregrinación á porta da Misericordia, aberta en cada catedral ou igrexa establecida polo Bispo diocesano e nas catro basílicas papais de Roma, como un sinal do profundo desexo de conversión.

É importante que a este momento se una, principalmente, o sacramento da Reconciliación e a celebración da Eucaristía cunha reflexión sobre a misericordia. Será necesario acompañar estas celebracións coa profesión de fe e coa oración por min e polas intencións que levo no corazón para o ben da Igrexa e de todo o mundo.

Penso, ademais, en quen se verán imposibilitados de chegar á Porta Santa:

**Os doentes e as persoas anciáns e soas**, moitas veces en condicións de non poder saír da casa. Para eles vai ser de grande axuda vivir a enfermidade e o sufrimento como experiencia da proximidade ao Señor que no misterio da súa paixón, morte e resurrección indica o camiño-guía para dar sentido á dor e á soidade. Vivir con fe e esperanza alegre este momento de proba, recibindo a comunión ou participando na santa misa e na oración comunitaria, tamén a través dos diversos medios de comunicación, será para eles o xeito de obter a indulxencia xubilar.

**Os presos**, que experimentan a limitación da súa liberdade. O Xubileu sempre foi a ocasión dunha grande amnistía, destinada a facer partícipes a moitas persoas que, aínda merecendo unha pena, tomaron conciencia da inxustiza cometida e desexan sinceramente integrarse de novo na sociedade, aportando a súa contribución honesta... Nas capelas dos cárceres poderán gañar a indulxencia, e cada vez que pasen a través da porta da súa cela, dirixindo o seu pensamento e oración ao Pai, poida este xesto ser para eles o paso da Porta Santa, porque a misericordia de Deus, capaz de converter os corazóns, é tamén capaz de converter as reixas en experiencia de liberdade.

**Cada vez que un fiel viva persoalmente unha ou máis obras de misericordia** obterá certamente a indulxencia xubilar. De aí o compromiso de vivir a misericordia para obter a graza do perdón completo e total polo poder do amor do Pai que non exclúe a ninguén. Será, xa que logo, unha indulxencia xubilar plena, froito do acontecemento mesmo que se celebra e se vive na fe, esperanza e caridade.

Finalmente a indulxencia xubilar, pódese gañar tamén **para os defuntos**. A eles estamos unidos polo testemuño de fe e de caridade que nos deixaron. Así como nos lembramos deles na celebración eucarística, podemos tamén, no gran misterio da comunión dos santos, rogar por eles para que o rostro misericordioso do Pai os libere de todo rastro de culpa e poida abrazalos na felicidade que nunca remata.

## CELEBRAR A RECONCILIACIÓN

### Que necesitamos para unha boa confesión?

- ✚ *Exame de conciencia.* Na presenza do Señor, á luz da Palabra de Deus, recoñecemos o que fixemos mal e o ben que deixamos de facer.
- ✚ *Dor dos pecados.* Ante o noso pecado, sentimos ternos afastado de Deus.
- ✚ *Propósito de emenda.* Pedimos a axuda de Deus e prometemos volver á súa amizade.
- ✚ *Confesión dos pecados.* Confesamos con sinceridade os nosos pecados ao sacerdote, que nos acolle e escoita no nome de Xesús e da súa Igrexa.
- ✚ *Absolución.* O sacerdote, no nome do Señor e en comunión coa Igrexa, concede o perdón e a paz: *Eu absólvote dos teus pecados no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.*
- ✚ *Cumprir a penitencia.* Oramos e damos grazas ao Pai polo seu perdón. O Espírito Santo axúdanos a cumprir o que nos propón o sacerdote para reparar o dano causado polos nosos pecados e continuar o noso camiño de vida cristiá.

A ledicia do Perdón comprométenos a levar a todos o amor recibido e celebrado. As obras da misericordia son unha boa forma de facelo vida.